

DECRETO

Ilma. Sra. dona Ana María González Abelleira, Tenenta de alcalde delegada da Área de Xestión Integral de Recursos Internos do Excmo. Concello de Lugo.

Instruído expediente relativo a: APROBACIÓN DE LISTA DE RESERVA PARA A COBERTURA INTERINA DE PRAZAS DE TÉCNICO MEDIO DE XESTIÓN.

- Visto que a Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria do 2 de novembro de 2022 adoptou o acordo 8/639 APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A EXECUCIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE 2022 DO CONCELLO DE LUGO CORRESPONDENTE A UNHA PRAZA ESTRUCTURAL TÉCNICO/A MEDIO XESTIÓN INCURSA NO SUPOSTO DO ARTIGO 2.1 DA LEI 20/2021 POLO SISTEMA DE CONCURSO OPOSICIÓN.

- Á vista do acordo 18/594 adoptado na Xunta de Goberno Local do día 25 de setembro de 2019 de APROBACIÓN DAS BASES XERAIS QUE REGULAN A CREACIÓN E FUNCIONAMENTO DAS BOLSAS DE TRABALLO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, modificado por acordo 5/674 adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día 16 de novembro de 2022, que establece na base Segunda:

“SEGUNDA.- CREACIÓN DAS BOLSAS DE TRABALLO

1.- As bolsas de traballo crearanse como consecuencia de:

a) A realización das “probos selectivos” para o acceso á función pública no Concello de Lugo ou para o acceso á condición de persoal laboral fixo. Constituirase unha bolsa de traballo cos/as aspirantes que, ao menos, superasen o primeiro exercicio. Esta bolsa terá unha vixencia de tres anos desde a súa aprobación, salvo que con anterioridade á dita data se constituía unha nova bolsa que a substitúa como consecuencia dun proceso selectivo ou en caso contrario sexa necesaria a súa prórroga polo tempo que se determine polo órgano competente en caso de urgencia e necesidade debidamente acreditada no expediente.

Esta bolsa usarase para a cobertura interina ou temporal en calquera dos supostos sinalados na base primeira.”

- Visto o informe de fiscalización limitada previa 2026/100 de 03/02/2026 no seu resolvo primeiro do teor literal seguinte:

“PRIMEIRO: Segundo se sinala no informe proposta do servizo de Persoal, do 03.02.2025, emprégase a listaxe de aprobación da bolsa de traballo da categoría de Técnico de Xestión aprobada por decreto 4850/2023, do 25.05.2023, ao estar

caducada a listaxe de reserva para a cobertura interina de prazas de Técnico de xestión OEP 2020, aprobada polo decreto número 9336/2022, do 26.09.2022.

Agora ben, a xuízo do que subscribe debería terse en conta que as bases xerais que regulan as bolsas de traballo do concello sinalan no artigo 2 o seguinte:

*“1. As bolsas de traballo **crearanse como consecuencia de:***

***a) A realización das “probos selectivos” para o acceso á función pública no Concello de Lugo** ou para o acceso á condición de persoal laboral fixo. Constituiranse unha bolsa de traballo cos/as aspirantes que, ao menos, superasen o primeiro exercicio.*

Téndose constancia da celebración do proceso selectivo dunha praza de Técnico Médio/a de Xestión incurso no suposto do artigo 2.1 da Lei 20/2021, polo sistema de Concurso Oposición, Escala de Administración Xeral, Subescala de Xestión, Grupo de titulación A (Subgrupo A2), debería, segundo o artigo citado, crearse unha bolsa de traballo resultante do sinalado proceso selectivo, para dar cumprimento ao acordo da XGL, de aprobación das bases xerais que regulan a creación e funcionamento das bolsas de traballo do Concello de Lugo.”

- Vista a certificación do Secretario do tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza estrutural de Técnico/a Medio de Xestión, incurso no suposto do art. 2.1 da Lei 20/2021, que se rexe polas bases específicas aprobadas polo Acordo da Xunta de Goberno Local do concello de Lugo nº 5/88, na sesión ordinaria celebrada o 6 de marzo de 2024 (OEP 2022), do teor literal seguinte:

“CERTIFICA

Que consta no expediente administrativo do referido proceso selectivo o anuncio de 25 de xuño de 2025, no que se recollen as puntuacións acadadas polos aspirantes que superaron a puntuación mínima requirida no proceso selectivo (concurso oposición) de 40 puntos, recollida na Base 11º, das bases específicas aprobadas polo Acordo da xunta de Goberno Local do Concello de Lugo nº: 5/88, na sesión ordinaria celebrada o 6 de marzo de 2024 (OEP 2022), que a continuación se transcribe:

APELIDOS E NOME	DNI	PUNTUACIÓN TOTAL
GONZÁLEZ NEIRA, MARÍA SOLEDAD	***4933**	43,48
PEREIRA FERNÁNDEZ, MARÍA ÁNGELES	***2853**	40,69

RICO MÉNDEZ, MARÍA BASILISA	***0256**	47,86
SAN ILDEFONSO LADRERO, JUAN IGNACIO	***9378**	63,90
TROBO RODRÍGUEZ, ALBA	***4935**	50,28

De aí que tal como consta recollido na documentación que figura no expediente administrativo do precitado proceso selectivo, o aspirante que obtivo a praza estrutural convocada de Técnico/a Medio de Xestión, incurso no suposto do artigo 2.1 da Lei 20/2021, que se rexe polas bases específicas aprobadas polo Acordo da Xunta de Goberno Local do concello de Lugo nº 5/88, na sesión ordinaria celebrada o 6 de marzo de 2024, pertencente o cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, mediante o sistema de concurso oposición (OEP 2022), foi don Juan Iganacio San Ildefonso Ladrero.”

- Informe proposta asinado polo Técnico medio de xestión do Servizo de Persoal Juan I. San Ildefonso Ladrero e polo Director Xeral de RRHH de 5 de maio de 2026.

En base as atribucións delegadas por decreto núm. 10280/2025, de 04/11/2025, ditado polo Excmo. Sr. Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Lugo, modificado polo decreto núm. 11673/2025, de 12/12/2025 e, ás atribucións delegadas por acordo 40/607 da XGL en sesión celebrada o 26 de xullo de 2023, modificado polo acordo 1/284, de 19 de xuño de 2024,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobamos a lista para a cobertura interina de prazas de funcionario/a na categoría de TÉCNICO/A MEDIO DE XESTIÓN, prevista no apartado 1.a) da base Segunda das BASES XERAIS QUE REGULAN A CREACIÓN E FUNCIONAMENTO DAS BOLSAS DE TRABALLO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, dende a que se irá chamando os candidatos/as pola orde de puntuación obtida por cada un deles/as, cando sexa necesario proceder á cobertura interina, nos supostos previstos no artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, que a continuación se indica:

	APELIDOS E NOME	DNI
1.	TROBO RODRÍGUEZ, ALBA	***4935**
2.	RICO MÉNDEZ, MARÍA BASILISA	***0256**

3.	GONZÁLEZ NEIRA, MARÍA SOLEDAD	***4933**
4.	PEREIRA FERNÁNDEZ, MARÍA ÁNGELES	***2853**

SEGUNDO.- - A mencionada lista para a cobertura interina rexerese por as BASES XERAIS QUE REGULAN A CREACIÓN E FUNCIONAMENTO DAS BOLSAS DE TRABALLO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO aprobadas por acordo 18/594 adoptado na Xunta de Goberno Local do día 25 de setembro de 2019, modificado por acordo 5/674 adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día 16 de novembro de 2022.

TERCEIRO.- Que se proceda á súa publicación na páxina web e taboleiro deanuncios coa indicación que esta pon fin á vía administrativa e que contra ela pode interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes, contado dende o día seguinte á recepción desta notificación.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á notificación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1988, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Asinado dixitalmente na data que figura á marxe, Ilma. Sra. Dona Ana María González Abelleira, Tenenta de alcalde delegada da Área de Xestión Integral de Recursos Internos.